

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

14220 *Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, de medidas urxentes para a promoción do emprego da mocidade, o fomento da estabilidade no emprego e o mantemento do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.*

I

Desde hai tempo a situación da mocidade no noso mercado de traballo está moi lonxe da desexable nun Estado social avanzado.

A crise económica levou ao desemprego a miles dos nosos mozos, moitos dos cales, chamados pola expansión do sector da construción, abandonaron prematuramente no seu día o sistema educativo para ocupar empregos de baixa calidade, polo que os seus niveis de cualificación son moi baixos. Así, o 60% dos desempregados menores de 25 anos non posúen sequera o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e un bo número deles, aínda téndoo, carece de cualificación profesional.

A mellora das oportunidades de emprego está directamente relacionada co nivel de cualificación das persoas. Por iso, a primeira medida incluída neste real decreto lei diríxese á configuración na nosa lexislación laboral do novo contrato para a formación e a aprendizaxe, un contrato con plenos dereitos laborais e de protección social que combina o traballo remunerado nunha empresa coa formación que permita adquirir unha cualificación profesional.

Superando a concepción tradicional do contrato para a formación, que queda derogado, o novo contrato para a formación e a aprendizaxe permitirá, por unha banda, dotar dunha cualificación profesional acreditada a todos aqueles mozos que carezan dela; xunto a iso, simultaneamente, a persoa traballadora realizará un traballo efectivo nunha empresa directamente relacionado coa formación que está a recibir, o que favorecerá unha maior relación entre esta e a aprendizaxe no posto de traballo.

O novo contrato diríxese a mozos maiores de dezaseis e menores de vinte e cinco anos que carezan de cualificación profesional. Transitoriamente, poderá ser realizado tamén con mozos maiores de vinte e cinco e menores de trinta anos, pois dentro dese grupo de idade existen neste momento importantes déficits de cualificación profesional e elevados niveis de desemprego.

Para apoiar a contratación a través deste novo contrato, o real decreto lei inclúe tamén reducións das cotizacións empresariais á Seguridade Social para as contratacións iniciais e para cando os contratos se transformen en contratos indefinidos.

II

Por outra banda, a constitución dun fondo individual de capitalización mantido ao longo da vida laboral previsto na Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, por un número de días por ano por determinar, que puider facer efectivo o traballador para os casos de despedimento ou noutras circunstancias, acompañábase na reforma laboral de 2010 da asunción transitoria e conxuntural polo Fondo de Garantía Salarial do resarcimento ao empresario dunha parte da indemnización que debe aboar en determinados supostos de despedimento.

O pasado mes de xuño, o grupo de expertos sobre o fondo de capitalización dos traballadores, constituído conforme o pactado no Acordo social e económico para o crecemento, o emprego e as garantías das pensións, asinado o 2 de febreiro de 2011, constatou a falta de viabilidade desta medida na actual situación da economía e do emprego no noso país.

Á vista do anterior, considerando que se trata dunha disposición da cal aínda poden derivar efectos positivos para a estabilidade laboral, inclúese neste real decreto lei a prórroga ata 2013 da asunción transitoria polo Fondo de Garantía Salarial do resarcimento á empresa dunha parte da indemnización en determinados supostos de extinción do contrato de traballo.

Con todo, a iniciativa de constituír un fondo individual de capitalización mantido ao longo de toda a vida laboral segue considerándose acertada e non se debe desbotar para o futuro. Por iso, emprázase o Goberno para volver abordar máis adiante o seu debate cos interlocutores sociais, nunha conxuntura que sexa máis favorable para a economía e o emprego e na cal, polo tanto, a súa viabilidade sexa maior.

Outra das medidas incluída na Lei 35/2010 é a extensión do contrato de fomento da contratación indefinida, mediante a ampliación dos colectivos con que se pode subscribir esta modalidade de contrato.

Durante o primeiro ano de vixencia da reforma laboral de 2010 asináronse un trinta por cento máis de contratos de fomento da contratación indefinida con respecto ao ano anterior. Nos últimos meses, porén, apreciouse unha ralentización do ritmo na utilización destes contratos, o que parece responder, xunto coa conxuntura actual da economía, ao feito de que se esgotaron os prazos en que os contratos temporais asinados se poden transformar nesta concreta modalidade de contratación indefinida. Por iso, resulta oportuno establecer novos prazos para que os contratos temporais se poidan converter en contratos de fomento da contratación indefinida, o que constitúe outra medida incluída neste real decreto lei.

A última medida en materia de contratación incluída no real decreto lei é a suspensión, durante un prazo de dous anos, da regra que dá lugar á adquisición da condición de traballadores fixos por aqueles que en determinados prazos e condicións encadeen contratos temporais. Esta regra foi establecida en 2006 durante un momento de expansión económica para favorecer a estabilidade no emprego. Na actual conxuntura, a regra, lonxe de fomentar a contratación indefinida, pode estar a producir efectos indesexados de non renovación de contratos temporais e afectar negativamente o mantemento do emprego, o que aconsella a súa suspensión temporal.

III

No Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas, estableceuse como medida un programa de cualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego, baseado en accións de políticas activas de emprego e na percepción dunha axuda económica de acompañamento. Establecíase unha duración de seis meses desta medida e a necesidade de analizar os resultados obtidos pola súa aplicación para efectuar unha avaliación desta, con anterioridade á data de finalización da súa vixencia.

A Resolución número 1, aprobada polo Congreso dos Deputados na súa sesión do 30 de xuño de 2011, con motivo do debate de política xeral sobre o estado da Nación, insta o Goberno a manter o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa prestación ou subsidio por desemprego.

Por iso, considerando a avaliación efectuada, segundo a cal se beneficiaron do programa 128.000 persoas; o contido da citada Resolución aprobada polo Congreso dos Deputados; que o día 15 de agosto de 2011 conclúen os efectos do programa citado e que se seguen dando as condicións para a súa continuidade, xa que se manteñen as causas económicas e sociais que o motivaron, resulta procedente establecer a prórroga do programa temporal de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.

Dentro das disposicións da parte final do real decreto lei merece mencionarse a relativa á integración nun único organismo do Servizo Público de Emprego Estatal e do Fondo de Garantía Salarial. Con iso preténdese unha maior eficacia na prestación dos servizos e avanzar no proceso xeral de racionalización das estruturas administrativas da

Administración xeral do Estado. O novo organismo permitirá o cumprimento das directivas europeas e acordos internacionais nesta materia ratificados por España, así como o mantemento do carácter finalista das cotizacións actualmente recadadas conxuntamente coas cotas de Seguridade Social como unha das súas vías de financiamento.

IV

Nas medidas que se adoptan concorren, pola natureza e finalidade destas, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presuposto habilitante para a aprobación dun real decreto lei.

Polo que se refire ao novo contrato para a formación e a aprendizaxe, apuntouse antes a situación particularmente negativa do emprego e do desemprego da mocidade e, dentro desta, daquela que carece de cualificación profesional. Na medida en que este novo contrato vai mellorar as oportunidades do emprego da mocidade, estarase contribuíndo a asentar a recuperación económica, a competitividade das nosas empresas, a seguridade no emprego das persoas traballadoras e a produtividade da economía española, obxectivos esenciais nunha conxuntura como a actual, o que xustifica a aprobación inmediata das medidas propostas con esta finalidade.

En relación coa prórroga da asunción transitoria polo Fondo de Garantía Salarial do resarcimento á empresa dunha parte da indemnización en determinados supostos de extinción do contrato de traballo, débese facer notar que a disposición actualmente vixente finaliza o próximo 31 de decembro de 2011. Dado que estas medidas poden gardar relación coas decisións de contratación indefinida, é necesario que as empresas e as persoas traballadoras coñezan coa necesaria antelación o marco xurídico aplicable no futuro máis inmediato.

Polo que se refire á apertura de novos prazos para a conversión de contratos temporais en contratos de fomento da contratación indefinida, débese ter en conta que, ademais de se esgotaren os prazos anteriormente establecidos para a conversión, vén apreciándose nos últimos meses unha ralentización no ritmo de realización desta modalidade de contratación. Ademais, os datos máis recentes apuntan tamén a un menor peso dos contratos indefinidos dentro do volume da contratación. Resultan necesarias, polo tanto, novas medidas que orienten os fluxos de contratación cara á contratación estable.

A suspensión temporal da regra relativa ao encadeamento de contratos temporais encontra a súa xustificación en evitar efectos indesexados de non renovación de contratos temporais e en favorecer o mantemento do emprego.

En canto á prórroga do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego, hai que destacar que o programa vixente esgota os seus efectos o día 15 de agosto de 2011. Polo tanto, é precisa a continuidade entre a finalización do actual programa e a súa prórroga, de cara a evitar baleiros temporais na participación en distintas medidas de política activa de emprego e na axuda de acompañamento ás persoas con risco de pasar á situación de exclusión social ao esgotar as prestacións ou subsidios por desemprego sen encontrar traballo e carecer doutros recursos.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de agosto de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Medidas para promover o emprego da mocidade

Artigo 1. *Contrato para a formación e a aprendizaxe.*

O número 2 do artigo 11 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, queda redactado como segue:

«2. O contrato para a formación e a aprendizaxe terá por obxecto a cualificación profesional dos traballadores nun réxime de alternancia de actividade laboral retribuída nunha empresa con actividade formativa recibida no marco do sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

O contrato para a formación e a aprendizaxe rexeráse polas seguintes regras:

a) Poderá subscribirse con traballadores maiores de dezaseis e menores de vinte e cinco anos que carezan da cualificación profesional recoñecida polo sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo requirida para concertar un contrato en prácticas.

O límite máximo de idade non será de aplicación cando o contrato se concerte con persoas con discapacidade.

b) A duración mínima do contrato será dun ano e a máxima de dous, ben que se poderá prorrogar por doce meses máis, en atención ás necesidades do proceso formativo do traballador nos termos que se establezan regulamentariamente, ou en función das necesidades organizativas ou produtivas das empresas de acordo co disposto en convenio colectivo, ou cando se subscriba con traballadores que non obtivesen o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

As situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade interromperán o cómputo da duración do contrato.

c) Expirada a duración do contrato para a formación e a aprendizaxe, o traballador non poderá ser contratado baixo esta modalidade pola mesma ou distinta empresa.

Non se poderán subscribir contratos para a formación e a aprendizaxe cando o posto de traballo correspondente ao contrato fose desempeñado con anterioridade polo traballador na mesma empresa por tempo superior a doce meses.

d) O traballador deberá recibir a formación inherente ao contrato para a formación e a aprendizaxe directamente nun centro formativo da rede a que se refire a disposición adicional quinta da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, previamente recoñecido para iso polo sistema nacional de emprego.

A actividade laboral desempeñada polo traballador na empresa deberá estar relacionada coas actividades formativas, que deberán comezar no prazo máximo de catro meses contados desde a data da subscripción do contrato.

A formación nos contratos para a formación e a aprendizaxe que se subscriban con traballadores que non obtivesen o título de graduado en educación secundaria obrigatoria deberá permitir a obtención do dito título.

Desenvolverase regulamentariamente o sistema de impartición e as características da formación dos traballadores nos centros formativos, así como o recoñecemento destes, nun réxime de alternancia co traballo efectivo para favorecer unha maior relación entre este e a formación e a aprendizaxe do traballador. As actividades formativas poderán incluír formación complementaria non referida ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais para adaptarse tanto ás necesidades dos traballadores como ás das empresas.

e) A cualificación ou competencia profesional adquirida a través do contrato para a formación e a aprendizaxe será obxecto de acreditación nos termos previstos na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, e na súa normativa de desenvolvemento. Conforme o establecido na dita regulación, o traballador poderá solicitar da Administración pública competente a expedición do correspondente certificado de profesionalidade, título de formación profesional ou, de ser o caso, acreditación parcial acumulable.

f) O tempo de traballo efectivo, que deberá ser compatible co tempo dedicado ás actividades formativas, non poderá ser superior ao 75 por cento da xornada máxima prevista no convenio colectivo ou, no seu defecto, á xornada máxima legal. Os traballadores non poderán realizar horas extraordinarias, salvo no suposto previsto no artigo 35.3. Tampouco poderán realizar traballos nocturnos nin traballo a quendas.

g) A retribución do traballador contratado para a formación e a aprendizaxe fixarase en proporción ao tempo de traballo efectivo, de acordo co establecido en convenio colectivo.

En ningún caso, a retribución poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional en proporción ao tempo de traballo efectivo.

h) A acción protectora da Seguridade Social do traballador contratado para a formación e a aprendizaxe comprenderá todas as continxencias, situacións protexibles e prestacións, incluído o desemprego. Así mesmo, terase dereito á cobertura do Fondo de Garantía Salarial.

i) No suposto de que o traballador continuase na empresa no momento da finalización do contrato observarase o establecido no número 1, parágrafo f) deste artigo.»

Artigo 2. *Reducións de cotas nos contratos para a formación e a aprendizaxe.*

1. As empresas que, a partir da entrada en vigor deste real decreto lei e ata o 31 de decembro de 2013, subscriban contratos para a formación e a aprendizaxe con traballadores desempregados maiores de 20 anos e inscritos na oficina de emprego con anterioridade ao 16 de agosto de 2011, terán dereito, durante toda a vixencia do contrato, incluída a prórroga, a unha redución das cotas empresariais á Seguridade Social por continxencias comúns, así como as correspondentes a accidentes de traballo e enfermidades profesionais, desemprego, fondo de garantía salarial e formación profesional, correspondentes aos ditos contratos, do 100 por cento se o contrato o realizan empresas cuxo cadro de persoal sexa inferior a 250 persoas, ou do 75 por cento no suposto de que a empresa contratante teña un cadro de persoal igual ou superior a esa cifra.

Así mesmo, nos contratos para a formación e a aprendizaxe subscritos ou prorrogados segundo o disposto no parágrafo anterior, reducirase o 100 por cento das cotas dos traballadores á Seguridade Social durante toda a vixencia do contrato, incluída a prórroga.

Para ter dereito a estas reducións, o contrato para a formación e a aprendizaxe deberá supor incremento do cadro de persoal da empresa. Para o cómputo do dito incremento, aplicarase o establecido no artigo 1.9 do Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas.

2. As empresas que, no momento da finalización dos contratos para a formación e a aprendizaxe a que se refire o número anterior, os transformen en contratos indefinidos, terán dereito a unha redución na cota empresarial á Seguridade Social de 1.500 euros por ano, durante tres anos. No caso de mulleres, a dita redución será de 1.800 euros por ano.

Para ter dereito a estas reducións, a transformación deberá supor un incremento do nivel de emprego fixo na empresa.

Para calcular o dito incremento, aplicarase a regra establecida no último parágrafo do número anterior, aínda que se tomará como referencia unicamente a media diaria de traballadores con contratos indefinidos.

CAPÍTULO II

Medidas de fomento da contratación

Artigo 3. *Fondo de capitalización.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo:

Un. A disposición adicional décima queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional décima. *Fondo de capitalización.*

Tendo presentes a situación da economía e do emprego e a súa previsible evolución, así como o informe elaborado polo grupo de expertos constituído segundo o disposto no Acordo social e económico para o crecemento, o emprego e a garantía das pensións, do 2 de febreiro de 2011, o Goberno desenvolverá durante o primeiro semestre de 2013 un proceso de negociación coas organizacións empresariais e sindicais máis representativas sobre a conveniencia e oportunidade de aprobar un proxecto de lei polo que, sen incremento das cotizacións empresariais, se regule a constitución dun fondo de capitalización para os traballadores, mantido ao longo da súa vida laboral, por unha cantidade equivalente a un número de días de salario por ano de servizo por determinar.

A regulación recoñecerá o dereito do traballador a facer efectivo o aboamento das cantidades acumuladas ao seu favor no fondo de capitalización nos supostos de despedimento, de mobilidade xeográfica, para o desenvolvemento de actividades de formación ou no momento da súa xubilación. As indemnizacións que aboará o empresario en caso de despedimento reduciranse nun número de días por ano de servizo equivalente ao que se determine para a constitución do fondo.

No marco do indicado proceso de negociación, e en función dos seus resultados, abordarase igualmente a vixencia do disposto na disposición transitoria terceira desta lei.»

Dous. O número 2 da disposición transitoria terceira queda redactado da seguinte maneira:

«2. Cando se trate de contratos de carácter indefinido, sexan ordinarios ou de fomento da contratación indefinida, subscritos entre o 18 de xuño de 2010 e o 31 de decembro de 2011, a indemnización calcularase segundo as contías por ano de servizo e os límites legalmente establecidos en función da extinción de que se trate e da súa cualificación xudicial ou empresarial.

Cando se trate de contratos de carácter indefinido, sexan ordinarios ou de fomento da contratación indefinida, subscritos a partir do 1 de xaneiro de 2012, a indemnización calcularase segundo as contías por ano de servizo e os límites legalmente establecidos en función da extinción de que se trate, e non será de aplicación o resarcimento polo Fondo de Garantía Salarial nas extincións polas causas previstas no artigo 52 do Estatuto dos traballadores recoñecidas polo empresario ou declaradas xudicialmente como improcedentes.

Non será de aplicación nestes supostos o límite sinalado para a base do cálculo da indemnización previsto no artigo 33.2 do Estatuto dos traballadores.»

Tres. O número 7 da disposición transitoria terceira queda redactado nestes termos:

«7. O establecido nesta disposición será de aplicación ata o 31 de decembro de 2013, data en que se deberá ter adoptado a decisión que corresponda sobre a

constitución e entrada en funcionamento dun fondo de capitalización conforme o establecido na disposición adicional décima desta lei.»

Artigo 4. *Conversión de contratos temporais en contratos de fomento da contratación indefinida.*

Un. As letras b) e c) do número 2 da disposición adicional primeira da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade, quedan redactadas da seguinte maneira:

«b) Traballadores que estivesen empregados na mesma empresa mediante un contrato de duración determinada ou temporal, incluídos os contratos formativos, subscritos con anterioridade ao 28 de agosto de 2011, aos cales se lles transforme o dito contrato nun contrato de fomento da contratación indefinida con anterioridade ao 31 de decembro de 2011.

c) Traballadores que estivesen empregados na mesma empresa mediante un contrato de duración determinada ou temporal, incluídos os contratos formativos, subscritos a partir do 28 de agosto de 2011. Estes contratos poderán ser transformados nun contrato de fomento da contratación indefinida con anterioridade ao 31 de decembro de 2012 sempre que a duración destes non excedese os seis meses. Esta duración máxima non será de aplicación aos contratos formativos.»

Dous. O disposto no número anterior enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 1.7 do Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas.

Artigo 5. *Suspensión temporal da aplicación do artigo 15.5 do Estatuto dos traballadores.*

Suspéndese, durante o período dos dous anos seguintes á entrada en vigor deste real decreto lei, a aplicación do disposto no artigo 15.5 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

CAPÍTULO III

Medidas para favorecer a formación e a protección das persoas desempregadas

Artigo 6. *Prórroga do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.*

Prorrógase por seis meses a aplicación do establecido no artigo 2 do Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas, aos traballadores en situación de desemprego que cumpran as condicións e requisitos establecidos no dito real decreto lei.

Serán beneficiarias da prórroga deste programa as persoas inscritas na oficinas de emprego como desempregadas por extinción da súa relación laboral que, dentro do período comprendido entre o día 16 de agosto de 2011 e o día 15 de febreiro de 2012, ambos os dous incluídos, esgoten a prestación por desemprego de nivel contributivo e non teñan dereito a ningún dos subsidios por desemprego establecidos na lei, ou ben esgotasen algún destes subsidios, incluídas as súas prórrogas.

Non se poderán acoller a este programa as persoas que percibisen a prestación extraordinaria do programa temporal de protección por desemprego e inserción, nin as persoas que fosen ou puidesen ser beneficiarias do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego nos termos establecidos no Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, nin as que esgotasen ou puidesen ter dereito á renda activa de inserción, nin as que esgotasen a renda agraria ou

o subsidio por desemprego, ambos os dous en favor dos traballadores eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social.

Disposición adicional primeira. *Financiamento da axuda para a recualificación profesional das persoas que esgoten a protección por desemprego.*

O custo da prórroga da axuda para a recualificación profesional das persoas que esgoten a protección por desemprego será atendido polo Servizo Público de Emprego Estatal. En ningún caso esta medida poderá afectar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Disposición adicional segunda. *Protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos.*

Modifícase o último parágrafo do número 1 do artigo 7 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos, que queda redactado da seguinte forma:

«O dito recoñecemento suporá o nacemento do dereito ao desfrute da correspondente prestación económica a partir do primeiro día do mes inmediatamente seguinte a aquel en que se produciu o feito causante do cesamento de actividade. Cando o traballador autónomo economicamente dependente finalice a súa relación co cliente principal, para ter dereito ao desfrute da prestación non poderá ter actividade con outros clientes a partir do día en que inicie o cobramento da prestación.»

Disposición adicional terceira. *Réxime de notificacións e creación do taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal.*

1. As notificacións por medios electrónicos de actos administrativos no ámbito de xestión do Servizo Público de Emprego Estatal efectuaranse na súa sede electrónica, respecto aos suxeitos obrigados que determine a persoa titular do Ministerio de Traballo e Inmigración, así como respecto a aqueles que, sen estaren obrigados, optasen por esta clase de notificación.

Os suxeitos non obrigados a ser notificados por estes medios na sede electrónica do Servizo Público de Emprego Estatal que non optasen pola dita forma de notificación, serán notificados no domicilio que expresamente indicasen para cada procedemento e, no seu defecto, no que figure nos rexistros do Servizo Público de Emprego Estatal.

2. Para os efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as notificacións realizadas na sede electrónica do Servizo Público de Emprego Estatal entenderanse rexeitadas cando, existindo constancia da posta á disposición do interesado do acto obxecto de notificación, transcorran dez días naturais sen que se acceda ao seu contido.

3. Créase o taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal, que se situará na sede electrónica do dito organismo. Para estes efectos, nos supostos previstos no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, as notificacións de actos e comunicacións, tanto en materia de protección por desemprego como nas restantes áreas de xestión do organismo, incluídos os procedementos sancionadores que non se puidesen realizar no domicilio do interesado, practícaranse exclusivamente no dito taboleiro de edictos.

Transcorridos vinte días naturais desde que a notificación se publicase no taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal, entenderase que esta foi practicada, considerarase por cumprido o dito trámite e continuarase co procedemento.

O taboleiro de edictos do Servizo Público de Emprego Estatal será xestionado pola dirección xeral do dito organismo. A práctica da notificación nel efectuarase nos termos que se determinen por orde do Ministerio de Traballo e Inmigración.

Disposición adicional cuarta. *Fondo de Garantía Salarial.*

No marco do Consello Reitor do Fondo de Garantía Salarial, o Goberno e as organizacións empresariais e sindicais máis representativas procederán á avaliación da situación financeira do organismo, tendo presente a evolución dos seus ingresos e gastos conforme o disposto no artigo 33 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e a súa normativa de desenvolvemento, e na disposición transitoria terceira da Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo.

Disposición adicional quinta. *Referencias normativas.*

1. Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria primeira, as referencias realizadas nas disposicións legais, regulamentarias ou nos convenios colectivos ao contrato para a formación, deberanse entender realizadas a partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei, ao contrato para a formación e a aprendizaxe a que se refire o artigo 11.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, na redacción dada a este polo presente real decreto lei, na medida en que non se opoñan ou contradigan o establecido nesta disposición.

2. De acordo co establecido no número anterior, a cotización á Seguridade Social e demais contingencias protexidas dos contratos para a formación conforme a normativa vixente efectuarase en idénticos termos respecto dos contratos para a formación e a aprendizaxe.

Disposición transitoria primeira. *Contratos para a formación vixentes.*

Os contratos para a formación concertados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei rexeranse pola normativa legal ou convencional vixente na data en que se asinaron.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio para a subscripción dos contratos para a formación e a aprendizaxe.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 11.2.a) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, ata o 31 de decembro de 2013 o contrato para a formación e a aprendizaxe poderase subscribir tamén con traballadores que, carecendo de cualificación profesional, sexan maiores de vinte e cinco e menores de trinta anos.

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Integración do Servizo Público de Emprego Estatal e do Fondo de Garantía Salarial.*

O Servizo Público de Emprego Estatal e o Fondo de Garantía Salarial integraranse nun único organismo. No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, adoptaranse as disposicións precisas para a citada integración e o funcionamento efectivo do novo organismo.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario dos contratos para a formación e aprendizaxe.*

1. O Goberno, con anterioridade ao 31 de decembro de 2011, logo de consulta coas organizacións empresariais e sindicais máis representativas, adoptará as normas

regulamentarias que correspondan para que a formación do traballador nos contratos para a formación e a aprendizaxe sexa impartida directamente por centros formativos nos termos establecidos neste real decreto lei, e se desenvolva en réxime de alternancia co traballo efectivo para favorecer unha maior relación entre este e a formación e a aprendizaxe do traballador.

2. Así mesmo, o Goberno poderá adaptar a regulación do contrato para a formación e a aprendizaxe para favorecer as oportunidades de emprego e de formación das persoas con discapacidade.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Traballo e Inmigración para ditar as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto lei.

Así mesmo, facúltase a persoa titular da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, no ámbito das súas competencias, para ditar cantas resolucións sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro dos títulos competenciais previstos no artigo 149.1 da Constitución, nos seus ordinais 7.^a e 17.^a

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», agás o artigo 6, que producirá efectos desde o 16 de agosto de 2011.

Dado en Madrid o 26 de agosto de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO